



NOTA DE PRENSA 15 de marzo 2019

### A D.O. Ribeira Sacra, cita coa promoción internacional en Prowein

A cita con **Prowein**, que terá lugar en Düsseldorf (Alemaña) do 17 ao 19 de marzo, é a primeira da D.O. Ribeira Sacra no estranxeiro, este ano. Despois de estar presente en **Fitur**, **Enofusión**, **Xantar** e no **Forum Gastronómico** na Coruña; chega unha das feiras profesionais de carácter internacional con máis prestixio, e a D.O. Ribeira Sacra non podía faltar, do mesmo xeito que algunhas das súas adegas a nivel particular.

A Feira de Düsseldorf está representada en 141 países por medio de 77 representantes estranxeiros. Trátase dunha cita ineludible para os profesionais do viño e é unha oportunidade excelente para promocionar e dar coñecer os viños de Ribeira Sacra no mercado internacional, onde cada vez son máis demandados e valorados.

O Consello Regulador organizou un **Túnel do Viño** no que **19 adegas** da Denominación de Orixe participan achegando máis **44 referencias** de diferentes tipos de viños tintos e brancos, de diferentes anadas, para que o público profesional asistente poida degustar a singularidade dos viños de Ribeira Sacra.

Entre o material promocional, a Denominación levará novos exemplares do **mapa da Denominación**, documento imprescindible para poder percorrela a fondo. Acábanse de editar 10.000 novas unidades.

A D.O. Ribeira Sacra pon rumbo a Prowein despois de participar durante esta semana no Forum Gastronómico que se celebrou na Coruña entre o 10 e o 12 de marzo. Despois da cita de Düsseldorf, as seguintes actividades de promoción internacional da Denominación de Orixe Ribeira Sacra levarana á **London Wine e a Vinexpo** en Burdeos.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirosacra.org](mailto:comunicacion@ribeirosacra.org)